

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

*RESOLUCIÓN do 16 de xaneiro de 2018, da Dirección Xeral de Comercio e Consumo, pola que se convocan as eleccións para a renovación dos plenos das cámaras oficiais de comercio, industria, servizos e navegación de Galicia.*

A Lei 4/2014, do 1 de abril, básica das cámaras oficiais de comercio, industria, servizos e navegación, establece no seu artigo 18 que corresponde ao Ministerio de Economía e Competitividade determinar a apertura do proceso electoral, logo de acordo coas comunidades autónomas que teñan atribuída a competencia nesta materia, e que corresponde á respectiva Administración tutelante a convocatoria de eleccións.

Pola súa banda, o artigo 32 da Lei 5/2004, do 8 de xullo, de cámaras oficiais de comercio, industria e navegación de Galicia, e o artigo 15 do Regulamento de réxime electoral das cámaras oficiais de comercio, industria e navegación de Galicia, aprobado polo Decreto 431/2009, do 19 de novembro, sinalan que corresponderá ao órgano tutelar, logo da consulta ás cámaras, a convocatoria de eleccións para a renovación dos membros dos plenos destas.

O Ministerio de Economía e Competitividade declarou aberto o proceso electoral para a renovación dos plenos das cámaras de comercio, industria, servizos e navegación de España e do seu Consello Superior, mediante a Orde EIC/710/2017, do 26 de xullo, dispoñendo a apertura do devandito proceso o día 2 de outubro de 2017 e a súa finalización o día 30 de setembro de 2018.

Unha vez aberto o proceso electoral e transcorridos os prazos previstos para a exposición pública dos censos electorais e de reclamacións, corresponde á Dirección Xeral de Comercio e Consumo, como departamento competente en materia de cámaras oficiais de comercio, industria, servizos e navegación de Galicia, convocar as eleccións para a renovación dos seus plenos, logo de seren consultadas as seis cámaras galegas, de acordo co establecido nos artigos 32 da referida Lei 5/2004, do 8 de xullo, e 15 do Regulamento de réxime electoral das cámaras oficiais de comercio, industria e navegación de Galicia.

Por todo o anterior, logo da consulta ás cámaras, e en uso das competencias que esta dirección xeral ten atribuídas no Decreto 175/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía, Emprego e Industria,



**RESOLVO:****Un. *Obxecto***

Convocar eleccións para a renovación dos plenos das cámaras oficiais de comercio, industria, servizos e navegación de Galicia.

**Dous. *Ámbito territorial e sede das xuntas electorais***

Para garantir a transparencia e a obxectividade dos procesos electorais, constituiranse as xuntas electorais, a razón dunha por cada cámara oficial de comercio, industria, servizos e navegación, na forma e coa composición e competencias previstas na Lei 5/2004, do 8 de xullo, de cámaras oficiais de comercio, industria e navegación de Galicia, e no Decreto 431/2009, do 19 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de réxime electoral das cámaras oficiais de comercio, industria e navegación de Galicia. As xuntas electorais terán a súa sede no domicilio social da cámara correspondente.

**Tres. *Prazo de presentación de candidaturas das persoas electoras***

As candidaturas elixibles por sufraxio do electorado presentarán escrito no rexistro da cámara respectiva durante os quince días seguintes á data de publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. O prazo rematará ás 24 horas do décimo quinto día, contado desde a devandita data.

**Catro. *Prazo de presentación de listas de candidaturas das organizacións empresarias***

1. No prazo dos quince días seguintes á data de publicación desta convocatoria de eleccións, as organizacións empresariais máis representativas presentarán ante a Administración tutelante e ante a xunta electoral, no rexistro da cámara respectiva, a lista das súas candidaturas no número de vogalías que corresponda cubrir, seguidas por un número de suplentes, na súa orde de precedencia, que non será inferior á metade dos candidatos propostos.

2. Xunto coa lista de candidatos, as organizacións empresariais achegarán a documentación do artigo 30 do Decreto 431/2009, do 19 de novembro, declaración responsable dos candidatos de estaren ao día no pagamento de obrigas tributarias e coa seguridade social segundo o modelo do anexo X e un certificado do secretario xeral da cámara conforme os representantes das empresas candidatas e persoas de recoñecido prestixio realizan achegas voluntarias a ela, efectivas e satisfeitas, de acordo cos datos do censo específico



previsto no artigo 30.5 da Lei 5/2004, do 8 de xullo, de cámaras oficiais de comercio, industria e navegación de Galicia.

*Cinco. Requisitos dos candidatos*

Os candidatos a formaren parte dos órganos de goberno das cámaras, ademais de cumpriren os requisitos necesarios para seren electores, deberán cumprir os requisitos previstos no artigo 30.3 da Lei 5/2004, do 8 de xullo, de cámaras oficiais de comercio, industria e navegación de Galicia, e no artigo 10 do Decreto 431/2009, do 19 de novembro.

*Seis. Data e horario das eleccións por sufraxio do electorado*

A elección dos vogais a que fai referencia o artigo 14.2.a) da Lei 5/2004, do 8 de xullo, de cámaras oficiais de comercio, industria e navegación de Galicia, celebrarase para todos os grupos e categorías o 10 de abril de 2018 e os colexios electorais permanecerán abertos entre as 9.00 e as 21.00 horas.

*Sete. Data e horario da elección das listas de candidatos das organizacións empresariais*

1. A elección dos vogais a que fai referencia o artigo 14.2.b) da Lei 5/2004, do 8 de xullo, de cámaras oficiais de comercio, industria e navegación de Galicia, celebrarase o 28 de maio de 2018, na sede de cada cámara, entre as 13.00 e as 14.00 horas.

2. Cando as organizacións empresariais presenten unha soa lista, a súa proclamación equivalerá a súa elección e esta non terá que efectuarse, despois do cal a xunta electoral expedirá as correspondentes actas de proclamación.

No prazo dos tres días seguintes á data prevista no punto sexto desta convocatoria, a secretaría da cámara notificaralles a súa designación e faralles entrega da credencial para a toma de posesión no prazo previsto no artigo 52.3 do Decreto 431/2009, do 19 de novembro.

*Oito. Representantes das empresas de maior achega voluntaria*

1. Para os efectos de designación dos vogais a que fai referencia o artigo 14.2.c) da Lei 5/2004, do 8 de xullo, de cámaras oficiais de comercio, industria e navegación de Galicia, no prazo dos quince días seguintes á data de publicación desta convocatoria de



eleccións, a xunta electoral correspondente requirirá o secretario xeral de cada cámara para que achegue no prazo dos dez días seguintes ao remate do devandito prazo un informe co número de vogalías para cubrir con representantes das empresas de maior achega voluntaria de acordo cos limiares fixados nos respectivos regulamentos de réxime interior.

Xunto co informe presentará unha relación certificada de empresas que realicen achegas voluntarias a ela, efectivas e satisfeitas, elaborada e ordenada por orde decrecente das contías.

2. A xunta electoral de cada cámara designará seguindo a orde de prelación os vogais representantes das empresas de maior achega, no número e de acordo cos limiares fixados nos regulamentos de réxime interior, no prazo dos tres días seguintes á data prevista no punto sexto desta convocatoria.

Con carácter previo á súa designación os representantes deberán achegar a declaración responsable de estaren ao día no pagamento de obrigas tributarias e coa seguridade social segundo o modelo do anexo X.

3. No prazo dos tres días seguintes, a secretaría da cámara notificaralles a súa designación e faralles entrega da credencial para a toma de posesión no prazo previsto no artigo 46.3 do Decreto 431/2009, do 19 de novembro, para a toma de posesión dos vogais electos por sufraxio.

4. No caso de producirse empate entre as empresas, a xunta electoral proclamará electa a empresa coa maior antigüidade no censo da cámara. De persistir o empate, resolverase mediante sorteo.

5. De producírense renuncias, poderá procederse á designación sucesiva de acordo coa relación certificada de empresas ata os cinco días anteriores á data da reunión constitutiva do pleno, e a súa designación queda diferida á data desta reunión. De non cubrirse o número total de vogalías, o pleno declarará as vacantes.

#### Nove. *Proclamacións de electos sen eleccións*

1. Cando para a elección dos vogais a que fai referencia o artigo 14.2.a) da Lei 5/2004, do 8 de xullo, de cámaras oficiais de comercio, industria e navegación de Galicia, o número de candidatos proclamados por un grupo resulte igual ao dos membros que se deba elixir e, cando para elección dos vogais a que fai referencia o artigo 14.2.b) da mesma lei, as



organizacións empresarias presenten unha soa lista, ambas as proclamacións equivalerán á súa elección e estas non terán que efectuarse, despois do cal a xunta electoral expedirá as correspondentes actas de proclamación.

2. A designación dos vogais representantes das empresas de maior achega a que fai referencia o artigo 14.2.c) da Lei 5/2004, do 8 de xullo, de cámaras oficiais de comercio, industria e navegación de Galicia, realizarase no prazo previsto para a proclamación das persoas candidatas a que fai referencia o artigo 27.1 do Decreto 431/2009, do 19 de novembro.

De producírense empates ou renuncias, procederase de acordo co disposto no punto oito.

Con carácter previo á súa designación, os representantes deberán achegar declaración responsable de estar ao día no pagamento das obrigas tributarias e coa seguridade social segundo o modelo do anexo X.

3. A secretaría da cámara correspondente notificará a todas as persoas electas no prazo de tres días a súa condición e faralles entrega, na secretaría, da credencial que xustifique esta cualidade e comunicaralles que dispoñen dun prazo de quince días para tomaren posesión como membros do pleno desde a data da entrega.

#### Dez. *Colexios electorais*

O número de colexios electorais e os lugares onde se van instalar establécense, para cada unha das cámaras oficiais de comercio, industria, servizos e navegación de Galicia, no anexo I desta resolución.

#### Once. *Mesas electorais*

As cámaras deben enviar á xunta electoral correspondente a proposta de lista de persoas electoras para seren designadas presidentes/as ou vogais das mesas electorais, conxuntamente coa lista das candidaturas presentadas e coa proposta de número de mesas electorais, no prazo que establece o artigo 26.3 do Decreto 431/2009, do 19 de novembro.

#### Doce. *Voto por correo*

As persoas electoras que prevexan que na data das eleccións non poderán comparecer nos colexios electorais poderán exercer o seu dereito ao voto emitíndoo por correo



certificado e urxente, logo da solicitude persoal á cámara respectiva, dentro dos vinte días seguintes ao da publicación desta convocatoria, segundo o modelo normalizado que figura no anexo II desta resolución e con suxeición aos requisitos e ao procedemento sinalados no artigo 28 do Decreto 669/2015, do 17 de xullo, polo que se desenvolve a Lei 4/2014, do 1 de abril, básica das cámaras oficiais de comercio, industria, servizos e navegación, e o artigo 36 da Lei 5/2004, do 8 de xullo, e no capítulo VIII do Decreto 431/2009, do 19 de novembro.

Trece. *Papeletas e sobres*

As papeletas e sobres para o voto presencial ou por correo seguirán os modelos normalizados do anexo VII. Nas papeletas indícarase, no caso de persoas físicas, os apelidos e nome e, no caso de persoas xurídicas, a denominación social, das persoas candidatas ordenadas alfabeticamente, de forma que a persoa electora marcará cunha cruz o recadro da papeleta normalizada correspondente aos candidatos ou lista da súa elección. As papeletas configuradas e impresas despois da proclamación de candidatos manterán a súa validez durante todo o proceso electoral.

Catorce. *Modelos normalizados*

Co fin de garantir o adecuado exercicio do voto achéganse os modelos normalizados segundo os anexos I a X.

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2018

Sol María Vázquez Abeal  
Directora xeral de Comercio e Consumo

ANEXO I

a) Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación da Coruña:

- Colexio electoral único.
- Domicilio: Alameda, 30-1º, 15003 A Coruña.
- Demarcación: a correspondente á cámara.



b) Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de Lugo:

- Colexio electoral único.
- Domicilio: avda. Ramón Ferreiro, 18, 27002 Lugo.
- Demarcación: a correspondente á cámara.

c) Cámara Oficial de Comercio, Industria e Servizos de Ourense:

- Colexio electoral único.
- Domicilio: avda. da Habana, 30 bis, 32003 Ourense.
- Demarcación: a correspondente cámara.

d) Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de Santiago de Compostela:

- Colexio electoral único.
- Domicilio: San Pedro de Mezonzo, 44-baixo, 15701 Santiago de Compostela.
- Demarcación: a correspondente cámara.

e) Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de Tui:

- Colexio electoral único.
- Domicilio: Augusto González Besada, 15-1º D, 36700 Tui.
- Demarcación: a correspondente á cámara.

f) Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de Pontevedra, Vigo e Vilagarcía de Arousa:

- Colexio electoral de Pontevedra.
- Domicilio: Xardíns de Vicenti, 4-2º, 36001 Pontevedra.



– Demarcación: A Estrada, Agolada, A Lama, Bueu, Campo Lameiro, Cerdedo, Cotobade, Cuntis, Dozón, Forcarei, Fornelos de Montes, Lalín, Marín, Moraña, Poio, Ponte Caldelas, Pontevedra, Rodeiro, Silleda, Vilaboa e Vila de Cruces.

– Colexio electoral de Vigo.

– Domicilio: República Arxentina, 18 A, 36201 Vigo.

– Demarcación: A Cañiza, Arbo, As Neves, Baiona, Cangas, Covelo, Crecente, Gondomar, Moaña, Mondariz, Mondariz-Balneario, Mos, Nigrán, Pazos de Borbén, Pontearreas, Redondela, Salvaterra de Miño, Soutomaior e Vigo.

– Colexio electoral de Vilagarcía de Arousa.

– Domicilio: avda. Dr. Tourón, 46, 36600 Vilagarcía de Arousa.

– Demarcación: Barro, Caldas de Reis, Cambados, Catoira, O Grove, A Illa de Arousa, Meaño, Meis, Pontecesures, Portas, Ribadumia, Sanxenxo, Valga, Vilagarcía de Arousa e Vilanova de Arousa.





## ANEXO II-1

## ELECCIÓN 2018 CÁMARAS COMERCIO, INDUSTRIA SERVIZOS E NAVEGACIÓN DE GALICIA

SOLICITUDE PARA A EMISIÓN DO VOTO POR CORREO DAS PERSOAS FÍSICAS

COMPROBADA A IDENTIDADE DO PETICIONARIO:  (Data, sinatura e selo da cámara de comercio, industria, servizos e navegación)
---

## DATOS DO ELECTOR

APELIDOS:	DNI:
NOME:	

CENSO ELECTORAL EN QUE SE ATOPA INSCRITO E GRUPOS E CATEGORÍAS EN QUE DESEXA VOTAR (caso de non constar grupo e categorías, enténdese que solicita o exercicio do voto por correo para todos os grupos ou categorías en que figure inscrita a persoa electora)

CÁMARA:	CONCELLO:
GRUPO/S	CATEGORÍA/S:

## EXPÓN:

Que ante a previsión de que na data da votación non poderei exercer o meu dereito persoalmente na mesa electoral correspondente, solicito que, ao amparo do artigo 34 do Decreto 431/2009, do 19 de novembro, se expida certificación acreditativa de figurar inscrita no CENSO ELECTORAL no/s grupo/s e categoría/s indicados, e se remita toda a documentación precisa para o exercicio do voto por correo, ao seguinte enderezo

RÚA/PRAZA, ETC.:	NÚM.:	PISO:	PORTA:
CP:	CONCELLO:	PROVINCIA:	

\_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2018

Asinado:

## Xunta:

-Fotocopia do DNI ou, se for o caso, pasaporte e o seu cartón de identidade de estranxeiro, e, se for o caso, certificado de inscrición no Rexistro Central de Estranxeiros.

SECRETARIO DA CÁMARA OFICIAL DE COMERCIO, INDUSTRIA, SERVIZOS E NAVEGACIÓN DE \_\_\_\_\_



## ANEXO II-2

ELECCIÓN 2018 CÁMARAS COMERCIO, INDUSTRIA, SERVIZOS E NAVEGACIÓN DE GALICIA

SOLICITUDE PARA A EMISIÓN DO VOTO POR CORREO DAS PERSOAS XURÍDICAS

COMPROBADA A IDENTIDADE DO PETICIONARIO:  (Data, sinatura e selo da cámara de comercio, industria, servizos e navegación)
---

## DATOS DO ELECTOR

## DATOS DA EMPRESA:

RAZÓN SOCIAL:	CIF/NIF:
DOMICILIO SOCIAL:	

## DATOS DO REPRESENTANTE

APELIDOS:	DNI:
NOME:	CARGO:

CENSO ELECTORAL EN QUE SE ATOPA INSCRITO E GRUPOS E CATEGORÍAS EN QUE DESEXA VOTAR (caso de non constar grupo e categorías, enténdese que solicita o exercicio do voto por correo para todos os grupos ou categorías en que figure inscrita a persoa electora)

CÁMARA:	CONCELLO:
GRUPO/S	CATEGORÍA/S:

## EXPÓN:

Que ante a previsión de que na data da votación non poderei exercer o meu dereito persoalmente na mesa electoral correspondente, solicito que, ao amparo do artigo 34 do Decreto 431/2009, do 19 de novembro, se expida certificación acreditativa de figurar inscrita no censo electoral no/nos grupo/s e categoría/s indicados, e se remita toda a documentación precisa para o exercicio do voto por correo ao seguinte enderezo:

RÚA/PRAZA, ETC.:	NÚM.:	PISO:	PORTA:
CP:	CONCELLO:	PROVINCIA:	

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2018

Asinado:

## Xunta:

-Fotocopia do DNI do representante ou, se for o caso, pasaporte e o seu cartón de identidade de estranxeiro, e, se for o caso, certificado de inscrición no Rexistro Central de Estranxeiros.

-Documentos que acrediten a representación suficiente, salvo no caso de que se exhiba a tarxeta censual.

SECRETARIO DA CÁMARA OFICIAL DE COMERCIO, INDUSTRIA, SERVIZOS E NAVEGACIÓN DE \_\_\_\_\_



## ANEXO II-3

ELECCIÓN 2018 CÁMARAS COMERCIO, INDUSTRIA, SERVIZOS E NAVEGACIÓN DE GALICIA  
CÁMARA OFICIAL DE COMERCIO, INDUSTRIA, SERVIZOS E NAVEGACIÓN DE \_\_\_\_\_

RENUNCIA DO VOTO EMITIDO POR CORREO DAS PERSOAS FÍSICAS

....., con DNI....., renuncio ao voto  
enviado por correo, para os efectos de poder votar persoalmente na mesa electoral correspondente, en  
virtude do artigo 34.2 do Decreto 431/2009, do 19 de novembro.

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2018

Asinado:



## ANEXO II-4

ELECCIÓN 2018 CÁMARAS COMERCIO, INDUSTRIA, SERVICIOS E NAVEGACIÓN DE GALICIA  
CÁMARA OFICIAL DE COMERCIO, INDUSTRIA, SERVICIOS E NAVEGACIÓN DE \_\_\_\_\_

RENUNCIA DO VOTO EMITIDO POR CORREO DAS PERSOAS XURÍDICAS

D....., con DNI....., en representación de....., con CIF....., renuncio ao voto enviado por correo, para os efectos de poder votar persoalmente na mesa electoral correspondente, en virtude do artigo 34.2 do Decreto 431/2009, do 19 de novembro.

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2018

Asinado:



**ANEXO III**

ELECCIÓNS 2018 CÁMARAS COMERCIO, INDUSTRIA, SERVIZOS E NAVEGACIÓN DE GALICIA

CÁMARA OFICIAL DE COMERCIO, INDUSTRIA, SERVIZOS E NAVEGACIÓN DE \_\_\_\_\_

SOLICITUDE DE TARXETA CENSUAL

## DATOS DA EMPRESA:

RAZÓN SOCIAL:	CIF/NIF:
DOMICILIO SOCIAL:	

## DATOS DO REPRESENTANTE:

APELIDOS:	DNI:
NOME:	CARGO:

GRUPO:	CATEGORÍA:
--------	------------

EXPÓN:

Solicita da Secretaría da Cámara a expedición da tarxeta censual, de conformidade cos artigos 8 e 9 do Regulamento de réxime electoral das cámaras oficiais de comercio, industria e navegación de Galicia, e declara baixo xuramento que a súa representación legal ou poder suficiente está vixente.

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2018

Asinado:

Xunta:

- Nomeamento como representante legal ou, se for o caso, poder suficiente de acordo co previsto no artigo 7.2.
- DNI do representante.



## ANEXO IV

ELECCIÓN 2018 CÁMARAS COMERCIO, INDUSTRIA, SERVIZOS E NAVEGACIÓN DE GALICIA  
CÁMARA OFICIAL DE COMERCIO, INDUSTRIA, SERVIZOS E NAVEGACIÓN DE \_\_\_\_\_

TARXETA CENSUAL

TARXETA CENSUAL Nº \_\_\_\_\_

## DATOS DA EMPRESA:

RAZÓN SOCIAL:	CIF/NIF:
DOMICILIO SOCIAL:	

## DATOS DO REPRESENTANTE:

NOME:	DNI:
APELIDOS:	CARGO:

GRUPO:	CATEGORÍA:
--------	------------

\_\_\_\_\_, secretario xeral da Cámara de Comercio, Industria e Navegación de \_\_\_\_\_

## CERTIFICO:

Que a persoa física arriba identificada manifesta que ten a representación legal da persoa xurídica igualmente identificada, para exercer o seu dereito ao voto e no resto dos trámites de acreditación do proceso electoral para a renovación dos órganos de goberno da Cámara, convocado pola Resolución \_\_\_\_\_, en virtude do poder ou do nomeamento que ten outorgado e que está vixente na data de expedición desta tarxeta censual.

Que o poder ou nomeamento presentado é suficiente e a súa copia, debidamente cotexada co orixinal, figura nesta secretaría xeral.

E para que conste, para os efectos previstos no Regulamento de réxime electoral das cámaras oficiais de comercio, industria e navegación de Galicia.

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2018

Asdo. e selado

Secretario/a xeral:



## ANEXO V-1

ELECCIÓNS 2018 CÁMARAS COMERCIO, INDUSTRIA, SERVIZOS E NAVEGACIÓN DE GALICIA

PRESENTACIÓN DE CANDIDATURA PERSOA FÍSICA

## DATOS DA PERSOA CANDIDATA

NOME:	DNI:
APELIDOS:	
DOMICILIO:	
DOMICILIO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS:	

## DECLARA:

Que, constando no censo electoral da Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de \_\_\_\_\_, no grupo e categoría \_\_\_\_\_, cumprindo todos o requisitos legais sinalados no artigo 10 do Decreto 431/2009, do 19 de novembro, e estando ao día no pagamento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social de acordo co establecido no artigo 30.3 da Lei 5/2004, do 8 de xullo, de cámaras oficiais de comercio, industria e navegación de Galicia, presento a miña candidatura a membro do pleno da citada corporación.

## SOLICITA:

Que se considere o presente escrito, xunto coa documentación que o acompaña, e se acepte a miña candidatura para o grupo e categoría sinalados.

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2018

## Asinado:

## Xunta :

- Certificación da secretaría da cámara en que conste que a persoa candidata reúne os requisitos de elixibilidade do artigo 10.
- Fotocopia do DNI ou pasaporte vixente do candidato ou candidata.
- Se for o caso, acreditación documental da concorrencia do requisito de reciprocidade.
- Escritos de apoio á candidatura.
- Sinatura do/a candidato/a autenticada mediante fedatario público, recoñecemento bancario ou certificación da secretaría da cámara, con data posterior ao comezo do proceso electoral.

SECRETARIO DA CÁMARA OFICIAL DE COMERCIO, INDUSTRIA, SERVIZOS E NAVEGACIÓN DE \_\_\_\_\_



## ANEXO V-2

## ELECCIÓN 2018 CÁMARAS COMERCIO, INDUSTRIA, SERVIZOS E NAVEGACIÓN DE GALICIA

PRESENTACIÓN DE CANDIDATURA PERSOA XURÍDICA

## DATOS DA PERSOA CANDIDATA:

## DATOS DA EMPRESA:

RAZÓN SOCIAL:	CIF/NIF:
DOMICILIO SOCIAL:	
DOMICILIO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN:	

## DATOS DO REPRESENTANTE:

NOME:	DNI:
APELIDOS:	CARGO:

## DECLARA:

Que, constando no censo electoral da Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de \_\_\_\_\_, no grupo e categoría \_\_\_\_\_, cumprindo todos o requisitos legais sinalados no artigo 10 do Decreto 431/2009, do 19 de novembro, e estando ao día no pagamento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social de acordo co establecido no artigo 30.3 da Lei 5/2004, do 8 de xullo, de cámaras oficias de comercio, industria e navegación de Galicia, presento a miña candidatura a membro do pleno da citada corporación.

## SOLICITA:

Que se considere o presente escrito, xunto coa documentación que o acompaña, e se acepte a miña candidatura para o grupo e categoría sinalados.

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2018

## Asinado:

## Xunta:

- Certificación da secretaría da cámara en que conste que a persoa candidata reúne os requisitos de elixibilidade do artigo 10.
- Fotocopia do DNI ou pasaporte vixente do/a representante do candidato ou candidata.
- Tarxeta censual ou documentación substitutiva sinalada no artigo 25.1.c).
- Se for o caso, acreditación documental da concorrencia do requisito de reciprocidade.
- Escritos de apoio á candidatura.
- Autenticación da sinatura mediante fedatario público, recoñecemento bancario ou certificación da secretaría da cámara, con data posterior ao comezo do proceso electoral.

SECRETARIO DA CÁMARA OFICIAL DE COMERCIO, INDUSTRIA, SERVIZOS E NAVEGACIÓN DE \_\_\_\_\_





## ANEXO VI-1

ELECCIÓNS 2018 CÁMARAS COMERCIO, INDUSTRIA, SERVIZOS E NAVEGACIÓN DE GALICIA

ESCRITO DE APOIO DE PERSOA XURÍDICA Á CANDIDATURA

O/a abaixo asinante apoia a candidatura a membro do Pleno da Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de \_\_\_\_\_, nas eleccións convocadas pola Resolución da Dirección Xeral de Comercio e Consumo, do seguinte candidato:

\_\_\_\_\_  
(Nome da persoa física ou xurídica que aparece no censo)

Grupo \_\_\_\_\_, categoría \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_.

## DATOS DA PERSOA XURÍDICA QUE APOIA A CANDIDATURA

## DATOS DA EMPRESA:

RAZÓN SOCIAL:	CIF/NIF:
DOMICILIO SOCIAL:	

## DATOS DO REPRESENTANTE:

NOME:	DNI:
APELIDOS:	CARGO:

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2018

Asinado:

Xunta:

- Fotocopia do DNI ou pasaporte vixente do representante da persoa xurídica que apoia a candidatura.
- Autenticación da sinatura mediante fedatario público, recoñecemento bancario ou certificación da secretaria da cámara, con data posterior ao comezo do proceso electoral.

SECRETARIO DA CÁMARA OFICIAL DE COMERCIO, INDUSTRIA, SERVIZOS E NAVEGACIÓN DE \_\_\_\_\_



## ANEXO VI-2

ELECCIÓN 2018 CÁMARAS COMERCIO, INDUSTRIA, SERVIZOS E NAVEGACIÓN DE GALICIA

ESCRITO DE APOIO DE PERSOA FÍSICA Á CANDIDATURA

O/a abaixo asinante apoia a candidatura a membro do pleno da Cámara Oficial de Comercio, Industria e Navegación de \_\_\_\_\_, nas eleccións convocadas pola resolución da Dirección Xeral de Comercio e Consumo, do seguinte candidato:

\_\_\_\_\_  
(Nome da persoa física ou xurídica que aparece no censo)

Grupo \_\_\_\_\_, Categoría \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_.

## DATOS DA PERSOA FÍSICA QUE APOIA A CANDIDATURA

NOME:	DNI:
APELLIDOS:	
DOMICILIO:	
NOME UTILIZADO NO EXERCICIO DA ACTIVIDADE ECONÓMICA	

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2018

Asinado:

Xunta:

-Fotocopia do DNI ou pasaporte vixente do elector que apoia a candidatura.

-Autenticación da sinatura mediante fedatario público, recoñecemento bancario ou certificación da secretaría da cámara, con data posterior ao comezo do proceso electoral.

SECRETARIO DA CÁMARA OFICIAL DE COMERCIO, INDUSTRIA, SERVIZOS E NAVEGACIÓN DE \_\_\_\_\_



## ANEXO VII-I

ELECCIÓN 2018 CÁMARAS COMERCIO, INDUSTRIA, SERVICIOS E NAVEGACIÓN DE GALICIA

SOBRE EXTERIOR PARA ENVÍO POLO SOLICITANTE DO VOTO POR CORREO

<p><u>ELECCIÓN A MEMBRO DO PLENO DAS CÁMARAS OFICIAIS DE COMERCIO, INDUSTRIA, SERVICIOS E NAVEGACIÓN</u> <u>ELECCIONES A MIEMBRO DEL PLENO DE LAS CÁMARAS OFICIALES DE COMERCIO, INDUSTRIA, SERVICIOS Y NAVEGACIÓN</u></p> <p><u>SOLICITUDE DE VOTO POR CORREO</u> <u>SOLICITUD DE VOTO POR CORREO</u></p>	
<p>Secretario/a da Xunta Electoral de <i>Secretario/a de la Junta Electoral de .....</i></p> <p>Domicilio da Xunta Electoral <i>Domicilio de la Junta Electoral: .....</i></p>	
<p>Colexio electoral núm.: _____ <i>Colegio electoral núm.: _____</i></p> <p>Mesa Electoral: _____</p>	<p>Logotipo Cámara</p>

Especificacións:  
Tamaño 162 x 229 mm  
Papel branco impreso en tinta negra  
Impresión por unha soa cara  
Solapa recta e tira de silicona  
Logotipo da cámara nas súas cores específicas



## ANEXO VII-2

ELECCIÓN 2018 CÁMARAS COMERCIO, INDUSTRIA, SERVIZOS E NAVEGACIÓN DE GALICIA

SOBRE PARA O ENVÍO DA DOCUMENTACIÓN DO VOTO POR CORREO

ELECCIÓN A MEMBRO DO PLENO DAS CÁMARAS OFICIAIS DE COMERCIO,  
INDUSTRIA, SERVIZOS E NAVEGACIÓN  
ELECCIONES A MIEMBRO DEL PLENO DE LAS CÁMARAS OFICIALES DE  
COMERCIO, INDUSTRIA, SERVICIOS Y NAVEGACIÓN

VOTO POR CORREO-DOCUMENTACIÓN ELECTORAL

Nome ou razón social <i>Nombre o razón social:</i> _____
Domicilio (rúa, praza): <i>Domicilio (calle, plaza):</i> _____
Localidade: <i>Localidad:</i> _____
CP: _____ Provincia: _____


Logotipo  
Cámara

Especificacións:  
Tamaño 162 x 229 mm  
Papel branco impreso en tinta negra  
Impresión por unha soa cara  
Solapa recta e tira de silicona  
Logotipo da cámara nas súas cores específicas



## ANEXO VII-3

ELECCIÓN 2018 CÁMARAS COMERCIO, INDUSTRIA, SERVICIOS E NAVEGACIÓN DE GALICIA

SOBRE PARA A PAPELETA DE VOTACIÓN

ELECCIÓN A MIEMBRO DO PLENO DAS CÁMARAS OFICIAIS DE  
COMERCIO, INDUSTRIA, SERVICIOS E NAVEGACIÓN  
ELECCIONES A MIEMBRO DEL PLENO DE LAS CÁMARAS OFICIALES DE  
COMERCIO, INDUSTRIA, SERVICIOS Y NAVEGACIÓN

Grupo: \_\_\_\_\_.

Categoría: \_\_\_\_\_.

Logotipo  
Cámara

Especificacións:  
Tamaño 120 x 176 mm  
Papel branco impreso en tinta negra  
Impresión por unha soa cara  
Solapa recta e tira de silicona  
Logotipo da cámara nas súas cores específicas



## ANEXO VII-4

ELECCIÓN 2018 CÁMARAS COMERCIO, INDUSTRIA, SERVICIOS E NAVEGACIÓN DE GALICIA

PAPELETA DE VOTACIÓN PARA SUFRAXIO DO ELECTORADO

GRUPO: \_\_\_\_\_

CATEGORÍA: \_\_\_\_\_

NÚMERO DE POSTOS QUE SE ELIXEN: NÚMERO DE PUESTOS A ELEGIR:	
--	--

VOTO A FAVOR DE:

..... ..... ..... ..... ..... ..... ..... .....	..... ..... ..... ..... ..... ..... ..... .....
--	--

Información electoral:  
As persoas electoras poderán sinalar na papeleta tantas persoas candidatas como número de vogais se elixan.

- En cada papeleta impresa deben figurar os apelidos e nome ou, se for o caso, razón social, ordenados alfabeticamente, de cada unha das persoas candidatas proclamada.

Especificacións:  
Tamaño 110 x 150 mm



## ANEXO VII-5

ELECCIÓN 2018 CÁMARAS COMERCIO, INDUSTRIA, SERVICIOS E NAVEGACIÓN DE GALICIA  
PAPELETA DE VOTACIÓN PARA SUFRAXIO POR PROPOSTA DAS ORGANIZACIÓNS EMPRESARIAIS

NÚMERO DE LISTAS QUE SE ELIXEN: NÚMERO DE LISTAS A ELEGIR:	<b>1</b>
---	----------

VOTO A FAVOR DA LISTA:

..... ..... ..... ..... ..... ..... ..... .....	..... ..... ..... ..... ..... ..... ..... .....
--	--

Información electoral:  
As persoas electoras sinalarán na papeleta unha das listas que conteñen tantos candidatos como vogalías por cubrir.

- En cada papeleta impresa deben figurar os apelidos e nome ou, se for o caso, razón social, ordenados alfabeticamente, de cada unha das persoas candidatas proclamadas de cada lista.

Especificacións:  
Tamaño 110 x 150 mm



## ANEXO VIII

## ELECCIÓN 2018 CÁMARAS COMERCIO, INDUSTRIA, SERVICIOS E NAVEGACIÓN DE GALICIA

ACTA DE CONSTITUCIÓN DA MESA ELECTORAL DE.....

En..... de..... de 2018, ás..... horas, reúnen os abaixo asinantes co obxecto de constituiren a mesa electoral para a elección de vogais do pleno da Cámara de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de..... do colexio electoral..... de entre os candidatos presentados e que corresponden aos seguintes:

GRUPO	CATEGORÍA	DESCRICIÓN	CANDIDATOS

Logo da acreditación da súa identidade, queda constituída a mesa electoral da seguinte forma:

Presidente/a,....., con DNI nº.....  
Vogal número 1,....., con DNI nº.....  
Vogal número 2,....., con DNI nº.....

Acto seguido, procédese a recibir a os/as interventores/as designados polas persoas candidatas.

O/A presidente/a indica que se consigne na presente acta o seguinte

Cumprida a normativa legal, o/a presidente/a declara validamente constituída a mesa electoral e acorda el/ela mesmo/a o inicio da votación.

O PRESIDENTE

O VOGAL 1

O VOGAL 2

Asdo.

Asdo.

Asdo.





**ANEXO IX**

ELECCIÓNS 2018 CÁMARAS COMERCIO, INDUSTRIA, SERVIZOS E NAVEGACIÓN DE GALICIA

CÁMARA DE.....

ACTA DE ESCRUTINIO DA MESA ELECTORAL DE.....(páx.1)

MESA	COLEXIO ELECTORAL	CONCELLO	PROVINCIA

DATOS DE IDENTIFICACIÓN DA MESA ELECTORAL:

Data e hora de constitución da mesa electoral:.....

COMPOSICIÓN DA MESA ELECTORAL:

PRESIDENTE	
PRIMEIRO VOGAL	
SEGUNDO VOGAL	

INTERVENTORES	
---------------	--

VOTACIÓN

Ás..... horas do día..... déronse por rematadas as operacións de reconto de votos e foron lidas as papeletas, en voz alta polo presidente da mesa, co seguinte resultado global:

Nº ELECTORES DA MESA:	
Nº TOTAL DE VOTANTES:	
*POR CORREO:	
*PERSOALMENTE:	

DISTRIBUCIÓN DE VOTOS	
*NULOS:	
*VÁLIDOS:	
*EN BRANCO:	



## ELECCIÓNS 2018 CÁMARAS COMERCIO, INDUSTRIA, SERVIZOS E NAVEGACIÓN DE GALICIA

CÁMARA DE.....

ACTA DE ESCRUTINIO DA MESA ELECTORAL DE.....(páx.2)

Os resultados parciais por grupos e categorías son:

GRUPO:	
CATEGORÍA:	

Nº ELECTORES DA MESA:	
Nº TOTAL DE VOTANTES:	
*POR CORREO:	
*PERSOALMENTE:	

DISTRIBUCIÓN DE VOTOS	
*NULOS:	
*VÁLIDOS:	
*EN BRANCO:	

VOTOS VÁLIDOS OBTIDOS POR CADA PERSOA CANDIDATA	
APELIDOS E NOME / RAZÓN SOCIAL	VOTOS OBTIDOS



ELECCIÓNS 2018 CÁMARAS COMERCIO, INDUSTRIA, SERVIZOS E NAVEGACIÓN DE GALICIA

CÁMARA DE.....

ACTA DE ESCRUTINIO DA MESA ELECTORAL DE.....(páx.3)INCIDENCIAS/ RECLAMACIÓNSNON SI 


O que se acredita pola presente acta que asina o/a presidente/a da mesa cos/as vogais integrantes dela e as persoas interventoras,

..... de..... de 2018

Presidente

Vogais

Interventores

Asdo.

Asdo.

Asdo.



## ANEXO X

ELECCIÓNS 2018 CÁMARAS COMERCIO, INDUSTRIA, SERVIZOS E NAVEGACIÓN DE GALICIA

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE ESTAR AO DÍA NO PAGAMENTO DAS SÚAS  
OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL

D./D<sup>a</sup>....., con DNI nº..... con domicilio  
en....., en representación da  
entidade....., con NIF....., en calidade  
de.....,

DECLARA:

Estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de acordo co  
establecido no artigo 30.3 da Lei 5/2004, do 8 de xullo, de cámaras oficias de comercio, industria e  
navegación de Galicia.

..... de..... de.....

Asdo.:

